

SMART

Smart

A COMPAÑÍA

SMART é unha compañía de nova creación dirixida por Antón Coucheiro, na que reúne a tres das mellores pallasas a nivel galego e estatal, Akira Valero, Natalia Outeiro "Pajarito" e Marta Iglesias. Akira Valero é clown e actriz, con pezas propias coma *Abuelo Cuplé* e participa en varios festivais de improvisación. Natalia Outeiro "Pajarito" é actriz, pallasa, directora de teatro e circo. Foi unha das fundadoras de Pista Catro e traballou con outras compañías galegas como Chévere, Panamesiana ou Voadora. E Marta Iglesias é pallasa, improvisadora e artista de circo. Comezou a súa carreira profesional no seo de Manicómicos (A Coruña) e máis tarde desenvolveu os seus propios espectáculos de clown e pezas como aerealista. Dirixeadas por Antón Coucheiro, "Cou", que ten traballado con compañías galegas como Chévere, PistaCatro (da que é co-fundador), Matarile, Factoría, o CDG... En 2014 estreou o seu unipersoal de teatro, *Psicópata*, e no 2015 fai residencia en Bogotá estreando o seu solo de improvisación, *Múltiple*.

O ESPECTÁCULO

SMART, como un teléfono intelixente pode convertirse nunha idiota é unha comedia sen palabras arredor do mundo das aplicacións móbiles. Tres pallasas enganchadas ao seu *smartphone* acoden a unha clínica de rehabilitación para superar a súa adicción. Desorientadas e sen o seu móbil, terán que aprender de novo a comunicarse e a vivir sen estar aferradas ao celular. SMART é un universo poético e surrealista de iconografía dixital. A través da técnica do *videomapping*, crean unha escenografía e un atrezzo virtual, un espazo visual e sonoro de apps, pantallas táctiles e sons dixitais, no que se mergullarán as tres estrambóticas pallasas e con elas todo o público.



FICHA ARTÍSTICA

Elenco: Natalia Outeiro, Akira Valero e Marta Iglesias

Dirección: Antón Coucheiro

Xéneros: clown

Duración: 65 minutos

Público: familiar (ideal de 9 a 18 anos)

[+ info](#)

[▶ ver vídeo](#)

